

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO


**Características xerais da
poboación maior de 16 anos**

Paro rexistrado

Ocupacións

Sector empresarial

Anexo estatístico



Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Área Metropolitana de Vigo

MERCADO DE TRABALLO

Boletín semestral

Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo
Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Vía Hispanidade, 17. C.P. 36203

Tlf: 986 42 33 66

updvigo@maiv.org

www.maiv.org/upd

| | |
|---|----|
| ABREVIATURAS E SIGNOS..... | 5 |
| FONTES..... | 5 |
| CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MAIS ANOS DE IDADE | |
| ■ Actividade..... | 6 |
| ■ Ocupación..... | 7 |
| ■ Desemprego..... | 8 |
| ■ Comparación das cifras de Actividade, Ocupación e Desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia..... | 9 |
| PARO REXISTRADO | |
| ■ Evolución da cifra de paro rexistrado..... | 10 |
| ■ Comparación da evolución do paro rexistrado da AMV con Pontevedra e Galicia..... | 11 |
| ■ Distribución do paro por sexo e idade na AMV..... | 12 |
| ■ Evolución do paro por sexo na AMV..... | 13 |
| ■ Evolución do paro por sexo e idade..... | 14 |
| ■ Distribución porcentual do paro por sectores económicos | 15 |
| ■ Evolución do paro por sectores económicos. | 16 |
| OCUPACIÓNS | |
| ■ As 10 ocupacións mais demandadas segundo sexo.... | 17 |
| ■ As 10 ocupacións mais contratadas segundo sexo..... | 18 |
| ■ As 10 ocupacións mais ofertadas..... | 19 |
| ■ A contratación segundo a actividade económica e segundo o sexo..... | 20 |
| SECTOR EMPRESARIAL | |
| ■ Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos..... | 21 |
| ■ Número de empresas por volume de empregados..... | 22 |

ANEXO ESTATÍSTICO

| | |
|---|----|
| ■ Táboa 1. Taxas de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da AMV, ano 2001..... | 24 |
| ■ Táboa 2. Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego dos concellos da area con respecto ás globais da AMV, ano 2001..... | 25 |
| ■ Táboa 3. Evolución da cifra de paro rexistrado..... | 26 |
| ■ Táboa 4. Porcentaxe de variación da cifra de paro do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior..... | 26 |
| ■ Táboa 5. Distribución do paro por sexo e idade (nº), abril 2005..... | 27 |
| ■ Táboa 6. Distribución do paro por sexo e idade (%), abril 2005..... | 27 |
| ■ Táboa 7. Evolución do paro por sexo..... | 28 |
| ■ Táboa 8. Evolución do paro por sexo, menores de 25 anos..... | 29 |
| ■ Táboa 9. Evolución do paro por sexo, 25 e máis anos | 30 |
| ■ Táboa 10. Distribución do paro por sector económico (nº), abril 2005..... | 31 |
| ■ Táboa 11. Distribución do paro por sector económico (%), abril 2005..... | 31 |
| ■ Táboa 12. Evolución da cifra de paro por sectores económicos..... | 32 |
| ■ Táboa 13. Porcentaxe de variación da cifra de paro por sector económico do mes comparada coa do mesmo mes do ano anterior..... | 33 |
| ■ Táboa 14. Número de empresas por sectores económicos..... | 36 |
| ■ Táboa 15. Porcentaxe de empresas por sectores económicos..... | 37 |
| ■ Táboa 16. Número de empresas por volume de empregados..... | 38 |
| ■ Táboa 17. Número de autónomos, ano 2003..... | 39 |

| | |
|---|----|
| ■ Táboa 18. Porcentaxe de empresas por volume de empregados..... | 40 |
| ■ Táboa 19. Número e porcentaxe de autónomos sobre o total de empresas, ano 2003..... | 41 |

Abreviaturas e signos

AMV: Area Metropolitana de Vigo

(Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaio e Vigo).

%: Porcentaxe

Nº: Número

H: Homes

M: Mulleres

T: Total

Fontes

INE: Instituto Nacional de Estadística

IGE: Instituto Galego de Estatística

SGC: Servizo Galego de Colocación

INEM: Instituto Nacional de Empleo


Observatorio ocupacional. Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

Os cambios habidos na metodoloxía de obtención dos datos de paro rexistrado dende o mes de maio de 2005, pola introdución do SISPE, fixeron que ao estudar a súa evolución semestral se tivese que elixir os correspondentes meses de novembro 2004 a abril 2005 que se basean na metodoloxía anterior e que polo tanto son comparables.

O anteriormente dito tamén afectou aos datos referidos á ocupación, polo que se tivo que analizar os correspondentes ao último trimestre de 2004 e o primeiro de 2005.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Actividade



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A AMV ten as taxas de actividade máis altas que o conxunto da provincia e Galicia.

As taxas de actividade totais e as correspondentes a homes e mulleres do total da AMV son superiores ás da provincia de Pontevedra. Nos tres territorios as taxas de actividade feminina continúan moi por debaixo da masculina.

A **Taxa de actividade** é a porcentaxe do número de persoas activas sobre o total da poboación de 16 ou máis anos. As persoas activas son as que, nun período determinado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción.


Segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001 do INE, 54 de cada 100 persoas de 16 e máis anos de idade formaban parte da poboación activa no conxunto da AMV. Esta taxa está por riba da de Pontevedra (52,69%) e Galicia (50,68%).

Atendendo á taxa de actividade segundo sexo, obsérvase tamén como os valores máis altos corresponden ás da área metropolitana. Así, o 66,67% dos homes

maiores de 16 anos formaban parte da poboación activa no 2001, mentres que en Pontevedra esta porcentaxe era do 65,44% e do 62,07% en Galicia. Con respecto as mulleres, cuxos valores están moi por debaixo dos que posúen os homes nos tres espazos analizados, as súas taxas de actividade representaba un 43,49% na AMV, máis de 23 puntos por debaixo dos homes. En Pontevedra a taxa de actividade feminina era do 41,15% e lixeiramente inferior en Galicia, cun valor do 40,33%.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Ocupación



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de ocupación das mulleres está moi por de baixo da dos homes na AMV.

35 de cada 100 mulleres exercía algunha actividade por conta propia ou allea na AMV fronte aos 60 homes nesa situación, no ano 2001. No conxunto de Pontevedra e Galicia a situación era semellante.

A **Taxa de ocupación** é a porcentaxe do persoas ocupadas sobre o total da poboación de 16 e máis anos. As persoas ocupadas son aquelas que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia nalguna das situacións especificadas polo INE.


As taxa de ocupación no ano 2001 da AMV era do 46,66%. A diferenza entre homes e mulleres era de 24,57 puntos a favor dos homes, correspondéndolle ás mulleres un 35,01% de ocupación e un 59,58% aos homes. Os valores comentados para a AMV superaban aos de Pontevedra e Galicia, sendo a comunidade autónoma a que tiña as taxas mais baixas dos tres. A taxa total en Pontevedra era do 45,65%, mentres que en Galicia correspondíalle un valor do 44,34%.

No caso da taxa masculina, Pontevedra posuía valores semellantes aos da AMV, con 58,99% mentres que a Galicia correspondíalle unha taxa de 55,90%.

A taxa feminina era moi similar na Provincia e en Galicia, de 33,89% e 33,84%, respectivamente, algo mais de 1 punto por baixo da AMV. Destaca, novamente, a diferenza existente entre a ocupación de homes e mulleres, superando nos tres espazos analizados os 20 puntos.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Desemprego



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas 2001. INE

A taxa de desemprego na AMV supera á do conxunto de Galicia.

A taxa de desemprego xeral, e as correspondentes a homes e mulleres superan ás da provincia de Pontevedra e Galicia. A taxa de paro feminina é superior á masculina na AMV e nos outros dous espazos analizados.

A **Taxa de desemprego** é a porcentaxe de desempregados entre o total de activos. Son desempregados as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego. Tamén son desempregados os que atoparon un traballo e están a espera de incorporarse a el, sempre que verifiquen as dúas primeiras condicións.

A porcentaxe de persoas desempregadas no ano 2001 na AMV era do 14,19%. No caso galego e pontevedrés as porcentaxes de desemprego para o total da poboación eran do 12,51% e do 13,05%, respectivamente, segundo os datos do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001.

No caso das mulleres a taxa de paro era de 19,14%, na AMV, 8,51 puntos porcentuais por riba da correspondente aos homes, que representaba o 10,63%.

A taxa de paro feminina na AMV era 3 puntos superior á galega, cuns valores de 19,14% e 16,09% respectivamente. A taxa de desemprego feminina en Pontevedra era do 17,64%.

No que respecta aos homes, as diferenzas entre a AMV, Pontevedra e Galicia son menos significativas, posuíndo uns valores do 10,63%, 9,86% e 9,94%, respectivamente.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN DE 16 E MÁIS ANOS

Comparación das cifras de actividade, ocupación e desemprego da AMV coas de Pontevedra e Galicia

O número de activos, ocupados e desempregados da AMV supón máis da metade do da provincia de Pontevedra, e practicamente un terzo do de Galicia.

No ano 2001 o número de activos da área metropolitana de Vigo supuñan o 50,83% dos activos totais da provincia de Pontevedra e o 34,26% dos de Galicia. Para os ocupados a porcentaxe foi do 50,35% dos ocupados de Pontevedra e o 33,93% dos de Galicia. E para os desempregados a porcentaxe acadou o 55,28%, con respecto a Pontevedra, e o 35,75%, no que atinxe ao total de desempregados de Galicia.

No referente a mulleres e homes, as porcentaxes son moi parellas ás globais pero coa particularidade de que as porcentaxes para o sexo feminino son superiores que para o masculino (agás na comparación das cifras de actividade con Galicia), o que implica unha maior representatividade deste sector da poboación.


COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DA AMV COAS DE PONTEVEDRA E GALICIA, ANO 2001

| | | AMV/ Pontevedra | AMV/ Galicia |
|------------|----------|--------------------|-----------------|
| Actividade | Total | 50,83% | 34,26% |
| | Homes | 50,10% | 34,68% |
| | Mulleres | 51,88% | 33,69% |
| Ocupación | Total | 50,35% | 33,93% |
| | Homes | 49,67% | 34,71% |
| | Mulleres | 50,94% | 33,07% |
| Desemprego | Total | 55,28% | 35,75% |
| | Homes | 54,03% | 34,40% |
| | Mulleres | 56,29% | 36,92% |

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de Poboación e Vivendas do 2001

PARO REXISTRADO

Evolución da cifra de paro rexistrado



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

Crecedemento do paro en abril do 2005 dun 0,67% con respecto a abril do 2004.

O comportamento do paro rexistrado do semestre foi, en liñas xerais, mellor que o do mesmo semestre do ano anterior, pero no mes de abril 2005 a súa cifra foi superior á de abril de 2004 nun 0,67%.

Paro rexistrado: total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluindo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

As cifras de paro do semestre comezaron con 29.824 persoas anotadas nas listas no mes de novembro do 2004, e rematou o período con 30.493 demandantes no mes de abril do 2004, o que supuxo un crecedemento do paro do 2,24%.


En liñas xerais, o comportamento da cifra do número de parados foi mellor no último semestre que no semestre do ano anterior, agás para o mes de abril, onde o dato do paro foi superior ao do ano anterior nun 0,67%.

Na evolución do paro rexistrado pódese ver como nos primeiros meses do período (de novembro a xaneiro) a tendencia é a incrementar o número de desempregados. De tal xeito que o máximo dos período se acadou no mes de xaneiro, con 30.986 demandantes en busca de emprego.

Posteriormente, nos meses de febreiro a abril, a tendencia é decrecente, debido sobre todo ao aumento na contratación do sector servizos.

PARO REXISTRADO

Comparación da evolución do paro da AMV con Pontevedra e Galicia



O crecemento do paro foi maior na AMV que na Provincia de Pontevedra e en Galicia.

Durante o semestre o crecemento do paro na AMV foi do 2,24%, mentres que en Pontevedra e en Galicia foi do 1,33% e do 0,79%, respectivamente.

Para realizar esta comparación tomouse como base o mes de novembro do 2004. Deste xeito a gráfica o que representa é a porcentaxe de variación con respecto ao devandito mes

As cifras de paro tiveron un mellor comportamento na AMV durante a primeira metade do semestre, pero, a medida que este foi transcorrendo, os datos da área empeoraron e superaron aos da provincia e aos de Pontevedra.

Deste xeito, no mes de decembro o incremento do paro na AMV só fora do 0,25% con respecto a novembro, mentres que en Pontevedra e Galicia o crecemento superaba a cifra do 2% (2,38% e 3,14%, respectivamente).


No semestre analizado o crecemento global ao final do mesmo foi do 2,24% para a AMV, mentres que en Pontevedra foi do 1,33% e en Galicia do 0,79%.

Para os tres territorios (AMV, Pontevedra e Galicia) a evolución da cifra de paro rexistrado foi a mesma, é dicir, unha fase alcista que vai de novembro a xaneiro, e unha fase recesiva de febreiro a abril.

PARO REXISTRADO

Distribución do paro por sexo e idade

Distribución do paro por sexo e idade na AMV
Abril 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 54,59% dos parados da área son mulleres de 25 e máis anos de idade.

No mes de abril do 2005 a análise das cifras de paro rexistrado diferenciando por sexo e idade mostran que a maior parte dos parados do concello son mulleres de 25 e máis anos.

A **distribución do paro por sexo e idade** ensina a porcentaxe que sobre o total representa a cifra de paro para os homes ou mulleres, diferenciando entre os menores de 25 anos e os de 25 e máis anos. Cada un destes estratos poboacionais conforma un grupo homoxéneo en si e cun comportamento diferenciado.

Na análise da cifra de paro rexistrado diferenciando o sexo e a idade dos demandantes, pódese ver como o grupo máis numeroso constitúeo o das mulleres paradas de 25 ou máis anos (54,59%). Tras el, pero a bastante distancia, sitúase o dos homes parados de 25 e máis anos (31,50%).


Por detrás destes dous, están as mulleres paradas menores de 25 anos, que supón o 7,55% das persoas paradas da AMV, e os homes parados menores de 25 anos, que representan o 6,36% do total.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo

O Mellor comportamento do paro feminino na AMV permitiu reducir a diferenza entre sexos no semestre.

Durante o semestre o paro feminino aumentou un 1,34%, mentres que o masculino o facía nun 3,75%, reducíndose así o diferencial entre homes e mulleres en practicamente medio punto.



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

A cifra de paro feminino estivo por riba da masculina durante todo o período, pero a súa evolución foi un pouco mellor, posto que ó final do período o crecemento das mulleres paradas fora do 1,34%, mentres que a dos homes fora do 3,75%, o que permitiu reducir as diferenzas entre sexos en 0,55 puntos porcentuais.

A pesar disto o volume de mulleres paradas segue a ser moi superior ao dos homes, posto que en abril do 2005 a porcentaxe que representaban con respecto ao total seguía a estar por riba do 60%.


Na evolución das cifras de desemprego, tanto para os homes como para as mulleres, pódese ver como hai unha etapa alcista na primeira metade do semestre, para despois acabar nunha etapa recesiva na segunda metade.

Pero, no caso das mulleres hai unha particularidade, posto que no mes de decembro se produciu un baixón do número de paradas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sexo e idade

Evolución do paro por sexo na AMV, menores 25 anos



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC


As cifras de paro para os menores de 25 anos mantivéronse estancadas no semestre.

Os valores acadados tanto polas mulleres como polos homes menores de 25 anos mantivéronse estables no semestre, entorno ás 2.300 persoas, para as mulleres e aos 1.900 para os homes. O mes de decembro constituíu unha excepción, xa que se produciu un forte descenso do número de paradas menores de 25 anos.

O número de mulleres paradas de 25 e máis anos é un 73,30% superior ao dos homes de 25 e máis anos.

A cifra de paro feminino situouse nas 16.595 persoas demandantes no mes abril de 2005, mentres que a dos homes foi de 9.576 persoas demandantes. No período, aínda que as diferenzas entre sexos se reduciron, o diferencial segue a ser alto.

Evolución do paro por sexo na AMV, 25 e máis anos




Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

PARO REXISTRADO

Distribución porcentual do paro por sectores económicos

Distribución porcentual do paro por sectores económicos na AMV
Abril 2005



Fonte: Informe Mensual do Paro Rexistrado. SGC

O 53,60% dos parados/as da AMV proveñen do sector servizos.

O sector servizos foi, en abril do 2005, o que aportou un maior número de parados/as, posto que máis da metade dos desempregados/as da área proveñen deste sector.

Para analizar a distribución do paro rexistrado por sectores económicos tívose en conta as cifras do mes de abril de 2005, diferenciando os parados/as que proveñen da agricultura/gandería, da industria, da construción, dos servizos e os que non tiveron un emprego anterior.

O sector servizos foi o que aportou un maior número de parados/as en abril de 2005, chegando a acadar os 16.345 e supondo o 53,60% do total de parados/as.

Por detrás del estaba o sector industrial, que acadaba os 6.055 parados/as e representaba o 19,86% da cifra global de paro rexistrado.


As persoas sen emprego anterior conformaban o terceiro grupo en importancia, con 4.574 desempregados/as e o 15,62%.

Os parados que proviñan das actividades da construción son o seguinte grupo en importancia, supondo 2.500 persoas e o 8,20%.

Por último, o sector agrogandeiro aporta o 2,73% dos desempregados/as o que comporta unha cifra de 831 persoas desempregadas.

PARO REXISTRADO

Evolución do paro por sectores económicos



O maior crecemento do período experimentárono as persoas desocupadas que proveñen da construción, que o fixeron nun 5,93%.

Ao longo do semestre o sector servizos foi o que experimentou unha maior variación nas súas cifras, acadando un máximo no mes de xaneiro con 16.952 parados/as, e un mínimo en decembro, con 16.091. Con todo e isto, ó final do período o sector que máis aumentara as súas cifras de desemprego fora ao da construción, que o fixeron nun 5,93%.

En canto á comparación coas cifras do ano anterior, pódese ver como foi o sector agrogandeiro o que experimentou un maior crecemento, seguido da construción e os servizos. En cambio a industria e as persoas paradas sen emprego anterior experimentaron un receso nas súas cifras.

PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES E SECTOR ECONÓMICO CON RESPETO Á DO MESMO MES E SECTOR DO ANO ANTERIOR

| Período | Agricultura/ gandería | Industria | Construción | Servizos | Sen emprego anterior |
|----------------|--------------------------|-----------|-------------|----------|-------------------------|
| Nov 04/Nov 03 | 15,33% | -6,48% | 8,46% | 2,30% | -4,25% |
| Dec 04/Dec 03 | 13,52% | -8,30% | 3,29% | 1,55% | -4,27% |
| Xan 05/Xan 04 | 11,12% | -8,32% | 3,97% | 2,10% | -4,73% |
| Feb 05/Feb. 04 | 13,02% | -6,74% | 9,05% | 0,88% | -4,16% |
| Mar 05/Mar 04 | 12,80% | -5,38% | 11,64% | -0,18% | -4,18% |
| Abr 05/Abr 04 | 14,78% | -2,86% | 9,31% | 1,35% | -3,19% |

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

OCUPACIÓNS*

As 10 ocupacións máis demandadas segundo sexo

OCUPACIÓNS MÁIS DEMANDADAS POLOS HOMES E MULLERES DEMANDANTES DE EMPREGO
DA COMARCA DE VIGO. OUTUBRO 2004- MARZO 2005

| Ocupación | Nº | % H | % M | % Total |
|--|-------|-------|-------|---------|
| Dependente/a de comercio, en xeral | 7.648 | 9,12 | 90,88 | 9,57 |
| Empregado/a administrativo, en xeral | 7.299 | 22,06 | 77,94 | 9,13 |
| Peón da industria manufactureira e fabricación de produtos metálicos, en xeral | 6.814 | 45,19 | 54,81 | 8,53 |
| Muller/mozo limpeza, limpador en xeral | 5.221 | 3,85 | 96,15 | 6,53 |
| Camareiro/a, en xeral | 2.264 | 53,49 | 46,51 | 2,83 |
| Peón da industria metalúrxica e fabricación de produtos metálicos. | 1.459 | 66,89 | 33,11 | 1,83 |
| Operador/a de máquina Industrial de coser á plana excepto peletería, calzado, marroquinería e luvas de pel | 1.337 | 0,53 | 99,47 | 1,67 |
| Auxiliar de Clínica | 1.275 | 4,55 | 95,45 | 1,60 |
| Cociñeiro/a, en xeral | 1.142 | 27,94 | 72,06 | 1,43 |
| Peón da construción de edificios | 1.063 | 98,68 | 1,32 | 1,33 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A ocupación máis demandada no semestre analizado foi a de *Dependente/a de comercio ...*, representando o 9,57% das 79.922 demandas realizadas na comarca de Vigo. Os colectivos de *Empregados/as administrativo/a ...* e *Peóns da industria manufactureira ...*, foron as seguintes ocupacións máis requiridas, con valores de 9,13% e 8,53%, respectivamente. A ocupación de *Muller/mozo limpeza ...* demandouse por un 6,53% da poboación. Agás a ocupación de *Camareiro/a ...*, solicitada polo 2,83%, as restantes ocupacións posúen valores inferiores ao 2%, entre as que se inclúen algunhas relacionadas co sector industrial.

A demanda segundo sexo ten unha distribución desigual entre homes e mulleres. As ocupacións con máis demanda por parte das mulleres foron a de *Operador/a de máquina de coser...*, onde o 99,47% das demandas foron de mulleres, e a ocupación de *Muller, mozo de limpeza ...*, co 97,15%. As ocupacións máis demandadas polos homes foron a de *Peón da construción ...*, cun valor do 98,68% de demandas, e a de *Peón da industria ...*, cunha porcentaxe do 66,89%.

(*)Os datos de ocupacións refírense á comarca de Vigo que inclúe os concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo.

OCUPACIONES

As 10 ocupacións máis contratadas segundo sexo

OCUPACIONES MÁIS CONTRATADAS SEGUNDO SEXO NA COMARCA DE VIGO. OUTUBRO 2004-MARZO 2005

| Ocupación | Nº | % H | % M | % Total |
|---|--------|-------|-------|---------|
| Peón da industria manufactureira, en xeral | 24.226 | 77,83 | 22,17 | 12,17 |
| Empregado/a administrativo, en xeral | 11.119 | 27,47 | 72,53 | 5,58 |
| Mozo/a carga/descarga, almacén | 9.661 | 86,69 | 13,31 | 4,85 |
| Camareiro/a, en xeral | 8818 | 36,60 | 53,57 | 4,43 |
| Peón da industria metalúrxica e fabricación de produtos metálicos | 8808 | 79,71 | 20,29 | 4,42 |
| Dependente/a de comercio, en xeral | 8468 | 18,22 | 81,78 | 4,25 |
| Muller/mozo limpeza, limpador en xeral | 7489 | 16,49 | 83,51 | 3,76 |
| Albanel | 5737 | 98,20 | 1,80 | 2,88 |
| Cocedor/a de peixes e mariscos | 3691 | 11,84 | 88,16 | 1,85 |
| Conductor/a de camión, en xeral | 2390 | 95,94 | 4,06 | 1,20 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Na comarca viguesa a maioría dos contratos realizados por mulleres pertencen ao sector servizos, fronte aos homes, contratados principalmente en ocupacións encadradas no sector industrial.

Neste semestre, a maioría dos contratos realizados na comarca de Vigo pertenceron á ocupación de *Peón da industria manufactureira ...*, cunha taxa do 12,17%. Neste caso, a maioría dos contratos foron formalizados por homes, 77,83%. Case sete puntos por baixo encóntrase a ocupación de *Empregado/a administrativo en xeral*, representado o 5,58% dos contratos. Neste caso son maioría as mulleres contratadas (77,83%).

Entre o 4% e o 5% están as ocupacións de *Mozo/a carga/descarga...*, *Camareiro/a ...*, *Peón da industria metalúrxica...* e *Dependente/a de comercio...*. A ocupación de *Albanel*, que representa o 1,85% dos contratos formalizados, tivo unha distribución entre os sexos de 98,20% para os homes e 1,80% no caso das mulleres. A ocupación cunha distribución da contratación máis igualitaria foi a de *Camareiro/a...*, cunha taxa do 36,60% para os homes e de 53,57% para as mulleres.

OCUPACIONES

As 10 ocupacións máis ofertadas

OCUPACIONES MÁIS OFERTADAS NA COMARCA DE VIGO. OUTUBRO 2004- MARZO 2005

| Ocupación | Nº | % Total |
|---|-----|---------|
| Peón da industria manufactureira, en xeral | 600 | 14,81% |
| Empregado/a administrativo, en xeral | 273 | 6,74% |
| Albanel | 220 | 5,43% |
| Camareiro/a, en xeral | 187 | 4,62% |
| Peón da construción de edificios | 174 | 4,29% |
| Dependente/a de comercio, en xeral | 140 | 3,46% |
| Muller/mozo limpeza, limpador/a en xeral | 131 | 3,23% |
| Tubeiro/a industrial de industria pesada | 100 | 2,47% |
| Mozo/a carga/descarga almacén | 77 | 1,90% |
| Traballador/a na preparación de peixe para conserva | 11 | 0,27% |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A comarca viguesa caracterízase pola súa oferta de traballo en ocupacións pertencentes ao sector da industria e construción, con cerca do 30% das ofertas rexistradas nas oficinas do INEM.

A maioría das ocupacións ofertadas entre outubro de 2004 e marzo do presente ano, pertenceron á ocupación de *Peón da industria manufactureira en xeral*, en total foron 600 ofertas de traballo, representado o 14,81% do total. Máis de sete puntos por debaixo, situáronse as ofertas de *Empregado/a administrativo ...*, co 6,78%.

As ocupacións de *Albanel* e *Peón da construción ...*, representaron o 9,72% das ofertas rexistradas no INEM na comarca de

Vigo. En concreto, houbo 200 ofertas de emprego de *Albanel*, que representaron o 5,43% sobre o total, e 174 de *Peón da construción...*, cunha porcentaxe do 4,29%.

A hostalería estivo representada a través da ocupación de *Camareiro/a en xeral*, que supuxo un 4,62% da oferta de emprego. O comercio, a través da ocupación de *Dependente/a de comercio ...*, ofertou o 3,46% do emprego neste período.

OCUPACIONES

A contratación segundo a actividade económica e segundo o sexo

DISTRIBUCIÓN DAS CONTRATACIÓN SEGUNDO
ACTIVIDADE ECONÓMICA E SEXO NA COMARCA DE VIGO.
OUTUBRO 2004-MARZO 2005

| Sector de actividade | Nº contratos | % H | % M | % Total |
|---------------------------|--------------|--------|--------|---------|
| Agricultura e pesca | 1.637 | 89,06% | 10,94% | 2,16% |
| Industria | 9.414 | 66,74% | 33,26% | 12,42% |
| Electricidade | 58 | 84,49% | 15,51% | 0,08% |
| Construción | 6.432 | 94,48% | 5,52% | 8,49% |
| Comercio e hostalería | 14.130 | 36,28% | 63,72% | 18,64% |
| Transporte e comunicación | 6.808 | 77,46% | 22,54% | 8,98% |
| Outros servizos | 37.320 | 41,16% | 58,84% | 49,24% |
| Total | 75.799 | 52,28% | 47,72% | 100,00% |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Observatorio Ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

No último trimestre de 2004 e no primeiro de 2005 a contratación na comarca de Vigo centrouse no sector servizos, onde as mulleres foron beneficiarias de case o 70% dos contratos neste amplo sector.

Segundo a clasificación incluída no cadro, a actividade económica con máis contratos formalizados no semestre foi a de *Outros servizos*, cun total de 37.320. De cada 100 persoas contratadas neste sector de actividade 59 eran mulleres e 41 homes. O *Comercio e a hostalería* é a seguinte actividade cun maior número de contratos, 14.130, pertencéndolle unha taxa do 18,64%. Neste caso, as mulleres case dobran aos homes na porcentaxe de contratacións, xa que a proporción de mulleres é de 63,72% e a dos homes de 36,28%.


O sector da *Industria* é o terceiro, cun total de 9.414 contratos, co 12,42% do total. Neste caso os homes contan cunha taxa que dobra á das mulleres, sendo as porcentaxes respectivas de 66,74% e 33,26%.

No resto dos sectores, os homes foron os receptores da maioría dos contratos, destacando o da *Pesca e agricultura*, no que dos 1.637 contratos efectuados, o 89,06% foron formalizados por homes e só o 11,94% por mulleres.

SECTOR EMPRESARIAL

Distribución e evolución do número de empresas por sectores económicos

Distribución porcentual do número de empresas por sectores económicos na AMV
Ano 2003



Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE


O sector *Servizos* acapara o 82,29% das empresas da AMV.

O número de empresas da área situouse en 30.249 no 2003, o que supuxo un crecemento do 4,04% con respecto ao ano anterior. No número de empresas destaca sobre todo o sector *Servizos* (81,16%), seguido pola *Construcción* (10,41%) e a *Industria* (8,42%).

A *Construcción* foi o sector que máis medrou no número de empresas no período 1999-2003.

No período 1999-2003 o crecemento global do número de empresas foi do 13,60%. Por sectores, o número de empresas do sector da *Construcción* medrou un 30%, mentres que o das empresas do sector *Servizos* o facían nun 12,04% e as da *Industria* nun 11,07%.

Evolución do número de empresas por sectores económicos na AMV




Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

SECTOR EMPRESARIAL

Número de empresas por volume de empregados*

Número de empresas por volume de empregados na AMV
Ano 2003



■ Microempresa ■ Pequena empresa ■ Mediana empresa ■ Gran empresa

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

O 84,41% das sociedades da AMV son Microempresas.

O tamaño medio das empresas da área é bastantes baixo, posto que o 84,41% das mesmas non teñen máis de 6 asalariados.

Microempresa: de 0 a 9 asalariados. **Pequena empresa:** de 10 a 49 asalariados. **Mediana empresa:** de 50 a 249 asalariados. **Gran empresa:** máis de 250 asalariados.

Considérase asalariado á persoa que participa na actividade económica a cambio dunha remuneración (en metálico ou en especie) ou dunha participación nos beneficios.

(*) Estas cifras só inclúen ás formas xurídicas societarias, excluindo aos autónomos

No ano 2003 había 12.614 sociedades na área metropolitana. A maior parte destas empresas (84,41%) tiña menos de 9 empregados e só un 0,21% das mesmas tiñan máis de 250 empregados, o que conforma un enramado empresarial dun tamaño reducido.

Por outro lado, a forma xurídica maioritaria das empresas da AMV é a de autónomos, constituindo o 64,80% do empresariado.

NÚMERO E PORCENTAXE DE AUTÓNOMOS SOBRE O TOTAL DE EMPRESAS. ANO 2003

| Ano | Nº autónomos | Porcentaxe |
|------|--------------|------------|
| 2003 | 19601 | 64,80% |

Fonte: Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE

ANEXO ESTADÍSTICO

TÁBOA 1. TAXAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA AMV, ANO 2001

| | | Baiona | Cangas | Fornelos de Montes | Gondomar | Moaña | Mos | Nigrán | Pazos de Borbén | O Porriño | Redondela | Salceda de Caselas | Salvaterra de Miño | Soutomaior | Vigo |
|------------|----------|--------|--------|--------------------|----------|-------|-------|--------|-----------------|-----------|-----------|--------------------|--------------------|------------|-------|
| Actividade | Total | 56,21 | 53,09 | 38,18 | 55,85 | 55,71 | 54,07 | 54,94 | 50,08 | 55,71 | 56,47 | 54,79 | 45,49 | 50,26 | 54,47 |
| | Homes | 68,93 | 64,72 | 56,35 | 70,63 | 67,08 | 69,20 | 70,15 | 66,00 | 72,31 | 68,65 | 72,31 | 62,89 | 63,57 | 65,83 |
| | Mulleres | 44,03 | 41,83 | 22,97 | 41,73 | 45,15 | 39,82 | 40,69 | 36,71 | 40,58 | 45,11 | 38,54 | 29,55 | 38,16 | 44,43 |
| Ocupación | Total | 52,20 | 46,57 | 25,67 | 49,76 | 47,69 | 46,45 | 50,36 | 36,76 | 48,35 | 48,47 | 49,59 | 39,26 | 40,13 | 46,33 |
| | Homes | 65,21 | 59,12 | 40,53 | 65,36 | 59,88 | 62,57 | 65,89 | 51,70 | 65,87 | 61,87 | 68,28 | 56,08 | 55,52 | 58,23 |
| | Mulleres | 39,74 | 34,40 | 13,24 | 34,84 | 36,38 | 31,26 | 35,80 | 24,21 | 32,39 | 35,97 | 32,25 | 23,86 | 26,15 | 35,83 |
| Desemprego | Total | 7,14 | 12,29 | 32,76 | 10,91 | 14,39 | 14,10 | 8,34 | 26,59 | 13,21 | 14,17 | 9,49 | 13,69 | 20,15 | 14,93 |
| | Homes | 5,40 | 8,65 | 28,09 | 7,46 | 10,74 | 9,58 | 6,07 | 21,66 | 8,90 | 9,87 | 5,56 | 10,84 | 12,67 | 11,54 |
| | Mulleres | 9,74 | 17,76 | 42,36 | 16,50 | 19,43 | 21,49 | 12,01 | 34,03 | 20,19 | 20,27 | 16,33 | 19,26 | 31,47 | 19,37 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

TÁBOA 2. COMPARACIÓN DAS CIFRAS DE ACTIVIDADE, OCUPACIÓN E DESEMPREGO DOS CONCELLOS DA AREA CON RESPECTO ÁS GLOBAIS DA AMV, ANO 2001

| | | Baiona | Cangas | Fornelos de Montes | Gondomar | Moaña | Mos | Nigrán | Pazos de Borbén | O Porriño | Redondela | Salceda de Caselas | Salvaterra de Miño | Soutomaio | Vigo |
|------------|----------|--------|--------|--------------------|----------|-------|-------|--------|-----------------|-----------|-----------|--------------------|--------------------|-----------|--------|
| Actividade | Total | 2,50% | 5,25% | 0,34% | 2,73% | 4,11% | 3,10% | 3,58% | 0,64% | 3,55% | 6,76% | 1,40% | 1,54% | 1,13% | 63,36% |
| | Homes | 2,58% | 5,42% | 0,39% | 2,90% | 4,10% | 3,31% | 3,81% | 0,66% | 3,78% | 6,82% | 1,53% | 1,75% | 1,17% | 61,77% |
| | Mulleres | 2,39% | 5,02% | 0,27% | 2,49% | 4,13% | 2,81% | 3,27% | 0,61% | 3,23% | 6,68% | 1,22% | 1,25% | 1,08% | 65,56% |
| Ocupación | Total | 2,71% | 5,37% | 0,27% | 2,83% | 4,11% | 3,10% | 3,83% | 0,55% | 3,59% | 6,76% | 1,48% | 1,55% | 1,05% | 62,81% |
| | Homes | 2,73% | 5,54% | 0,32% | 3,00% | 4,10% | 3,35% | 4,00% | 0,58% | 3,85% | 6,88% | 1,62% | 1,74% | 1,15% | 61,14% |
| | Mulleres | 2,67% | 5,11% | 0,19% | 2,57% | 4,11% | 2,73% | 3,56% | 0,50% | 3,19% | 6,58% | 1,26% | 1,24% | 0,91% | 65,38% |
| Desemprego | Total | 1,26% | 4,55% | 0,78% | 2,10% | 4,17% | 3,08% | 2,11% | 1,20% | 3,30% | 6,75% | 0,94% | 1,48% | 1,61% | 66,67% |
| | Homes | 1,31% | 4,41% | 1,04% | 2,03% | 4,15% | 2,98% | 2,17% | 1,35% | 3,16% | 6,34% | 0,80% | 1,78% | 1,40% | 67,07% |
| | Mulleres | 1,22% | 4,66% | 0,59% | 2,14% | 4,19% | 3,16% | 2,05% | 1,08% | 3,41% | 7,08% | 1,04% | 1,25% | 1,77% | 66,36% |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do censo de poboación e vivenda do 2001

TÁBOA 3. EVOLUCIÓN DA CIFRA DE PARO REXISTRADO

| | Baiona | Cangas | Fornelos de Montes | Gondomar | Moaña | Mos | Nigrán | Pazos de Borbén | O Porriño | Redondela | Salceda de Caselas | Salvaterra de Miño | Soutomaior | Vigo |
|--------|--------|--------|--------------------|----------|-------|-----|--------|-----------------|-----------|-----------|--------------------|--------------------|------------|-------|
| Nov 04 | 556 | 1814 | 153 | 696 | 1338 | 855 | 767 | 246 | 1180 | 1550 | 422 | 536 | 378 | 19333 |
| Dec 04 | 549 | 1843 | 151 | 697 | 1434 | 896 | 789 | 266 | 1196 | 1636 | 431 | 543 | 408 | 19060 |
| Xan 05 | 540 | 1861 | 164 | 732 | 1424 | 882 | 814 | 287 | 1225 | 1760 | 448 | 565 | 431 | 19853 |
| Feb 05 | 549 | 1834 | 162 | 737 | 1458 | 895 | 807 | 282 | 1229 | 1746 | 435 | 575 | 423 | 19755 |
| Mar 05 | 568 | 1808 | 162 | 753 | 1432 | 881 | 793 | 278 | 1215 | 1705 | 451 | 573 | 426 | 19703 |
| Abr 05 | 548 | 1792 | 151 | 771 | 1352 | 895 | 778 | 266 | 1212 | 1675 | 462 | 561 | 414 | 19616 |

Fonte: Informe mensual do paro rexistrado. SGC

TÁBOA 4. PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA CIFRA DE PARO DO MES COMPARADA COA DO MESMO MES DO ANO ANTERIOR

